



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Didáctica da lingua galega	Código	652G01015	
Titulación	Grao en Educación Infantil			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Muriano Rodríguez, María Montserrat	Correo electrónico	montserrat.muriano@udc.es	
Profesorado	Muriano Rodríguez, María Montserrat	Correo electrónico	montserrat.muriano@udc.es	
Web	<a href="http://ensinardeleitando.blogspot.com/">http://ensinardeleitando.blogspot.com/</a>			
Descrición xeral	<p>O obxectivo da materia é proporcionar un marco teórico e metodolóxico para o traballo da lingua galega na aula. Trátase, en primeiro lugar, de facer consciente o alumnado do carácter transversal do ensino lingüístico e da responsabilidade das mestras e mestres como modelos de lingua. Incidirase, neste sentido, na importancia de adquirir unha competencia lingüística e comunicativa suficiente en lingua galega. Estudaranse, de modo xeral, os condicionamentos do ensino en contextos de contacto lingüístico e, máis especificamente, as características do caso galego. Esta análise servirá para fundamentar as estratexias que se poñan en práctica na aula de Educación Infantil para o ensino-aprendizaxe da lingua. A materia introducirá cuestións curriculares que atinxen a todo o bloque de Linguaxe Verbal e tentará familiarizar as alumnas e alumnos coa programación didáctica neste ámbito. Afondarase en particular no traballo para o desenvolvemento das habilidades lingüísticas orais, a través de prácticas como o conto contado, a asemblea ou os xogos de lingua.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A4	Recoñecer a identidade da etapa e as súas características cognitivas, psicomotoras, comunicativas, sociais, afectivas.
A13	Analizar e incorporar de forma crítica as cuestións máis relevantes da sociedade actual que afectan á educación familiar e escolar: impacto social e educativo das linguaxes audiovisuais e das pantallas; cambios nas relacións de xénero e interxeracionais; multiculturalidade e interculturalista; discriminación e inclusión social e desenvolvemento sustentable.
A19	Comprender que a dinámica diaria en educación infantil é cambiante en función de cada estudante, grupo e situación e saber ser flexible no exercicio da función docente.
A23	Comprender que a observación sistemática é un instrumento básico para poder reflexionar sobre a práctica e a realidade, así como contribuir á innovación e á mellora en educación infantil.
A29	Valorar a importancia do traballo en equipo.
A31	Coñecer a lexislación que regula as escolas infantís e a súa organización.
A40	Promover o interese e o respecto polo medio natural, social e cultural a través de proxectos didácticos adecuados.
A42	Coñecer o currículo de lingua e lectoescritura desta etapa así como as teorías sobre a adquisición e desenvolvemento das aprendizaxes correspondentes.
A43	Favorecer as capacidades da fala e da escritura.
A44	Coñecer e dominar técnicas de expresión oral e escrita.
A45	Coñecer a tradición oral e o folclore.
A46	Comprender o paso da oralidade á escritura e coñecer os diferentes rexistros e usos da lingua.
A47	Coñecer o proceso de aprendizaxe da lectura e a escritura e o seu ensino.
A48	Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües.
A49	Recoñecer e valorar o uso adecuado da linguaxe verbal e non verbal.
A50	Coñecer e utilizar adecuadamente recursos para a animación á lectura e á escritura.
A51	Adquirir formación literaria e en especial coñecer a literatura infantil.
A52	Ser capaz de fomentar unha primeira aproximación a unha lingua estranxeira.
A59	Adquirir un coñecemento práctico da aula e da xestión da mesma.



A60	Coñecer e aplicar os procesos de interacción e comunicación na aula, así como dominar as destrezas e habilidades sociais necesarias para fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e a convivencia.
A62	Relacionar teoría e práctica coa realidade da aula e do centro.
A63	Participar na actividade docente e aprender a saber facer, actuando e reflexionando desde a práctica.
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas e tomar decisións de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, autocrítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa e espírito emprendedor.
B5	Traballar de forma colaborativa.
B6	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nun contorno de traballo.
B8	Capacidade de adaptación a situacións novidosas.
B9	Autonomía na aprendizaxe.
B10	Capacidade de análise e síntese.
B11	Capacidade de busca e manexo de información.
B12	Capacidade de organización e planificación.
B14	Capacidade para detectar as súas propias necesidades de aprendizaxe ao longo da vida.
B15	Capacidade para asumir a necesidade dun desenvolvemento profesional continuo, a través da reflexión sobre a propia práctica.
B16	Capacidade para integrarse e comunicarse con expertos noutras áreas e en contextos diferentes.
B17	Capacidade para presentar, defender e debater ideas utilizando argumentos sólidos.
B18	Capacidade para relacionarse positivamente con outras persoas.
B19	Comunicación oral e escrita na lingua materna.
B20	Coñecemento de outras culturas e de outras costumes.
B21	Coñecemento e comunicación en linguas estranxeiras.
B22	Creatividade ou capacidade para pensar as cousas desde diferentes perspectivas, ofrecendo novas solucións aos problemas.
B23	Habilidades sociais para exercer o liderado na aula.
B24	Recoñecemento e respecto á diversidade e á multiculturalidade.
B25	Utilización das TIC no ámbito de estudo e do contexto profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Tomar conciencia do papel do profesorado como modelo lingüístico	A48	B6 B24	
Acadar un dominio axeitado da expresión oral e escrita en lingua galega	A43 A44 A46	B14 B19	C1



Coñecer os principais recursos bibliográficos e dixitais para o ensino-aprendizaxe da lingua galega	A42 A45 A50 A51	B11 B25	C3 C6 C7 C8
Coñecer o marco xurídico polo que se rexe a utilización das linguas no sistema educativo galego	A31		
Coñecer os fundamentos do currículo de lingua da etapa de Educación Infantil en Galiza	A31		
Aprender a desenvolver a programación didáctica na área lingüística	A4 A42 A43 A44 A45 A46 A47 A48 A49 A50 A51		
Coñecer as metodoloxías para o ensino da lingua en contextos multilingües	A48 A52	B20 B21	C2
Coñecer as particularidades da situación sociolingüística galega	A13 A23	B24	C4
Saber deseñar estratexias para a aprendizaxe da lingua galega do alumnado galego-falante e non galego-falante	A42 A43 A44 A46 A47 A48 A49 A63		
Saber transmitir actitudes e valores positivos en relación coa lingua e cultura galega	A40 A48	B24	
Saber programar actividades para o desenvolvemento das habilidades lingüísticas orais	A43 A44 A46 A49 A60	B8 B18 B23	C1
Aplicar unha proposta didáctica nunha aula de Educación Infantil, que inclúa un conto contado, unha asemblea e un xogo de lingua.	A29 A44 A45 A49 A50 A51 A62 A63	B1 B2 B4 B5 B7 B8 B9 B16 B19	C1



Ser capaces de reflexionar sobre a propia práctica	A19	B3	C1
	A23	B10	
	A29	B12	
	A44	B14	
	A45	B15	
	A49	B17	
	A50	B19	
	A51	B22	
	A59		
	A60		
	A62		
	A63		

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Fundamentos do ensino lingüístico	1.1. Que é ensinar lingua? 1.2. A competencia lingüística e comunicativa do profesorado
2. O ensino-aprendizaxe da lingua en contextos de contacto lingüístico: o caso galego	2.1. Conceptos básicos de Sociolingüística e Planificación Lingüística 2.2. Achegamento á situación sociolingüística galega 2.3. As linguas no sistema educativo galego: marco xurídico 2.4. Pautas para a planificación lingüística nos centros educativos galegos
3. A lingua na escola infantil	3.1. A linguaxe verbal no currículo da Educación Infantil: a Área de Linguaxes: Comunicación e Representación 3.2. Estratexias para o desenvolvemento da comunicación oral 3.2.1. A literatura de tradición oral na aula 3.2.1.1. O conto contado 3.2.1.2. Os xogos de lingua 3.2.2. A asemblea

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	A4 A13 A31 A42 A45 A46 A47 A51 B1 B3 B9 B10 B11 C6	0	15	15
Obradoiro	A29 A40 A44 A49 A50 B2 B5 B7 B12 B16 B17 B18 B19 B22 C1 C4	17	7	24
Presentación oral	A43 B12 B25 C1 C3	2	4	6
Aprendizaxe servizo	A19 A23 A48 A59 A60 A62 A63 B4 B5 B6 B8 B15 B19 B22 B23 B24	0	40	40
Proba de ensaio	A4 A13 A31 A42 A44 A45 A46 A47 A50 A51 A62 B3 B9 B10 B11 B12 B17 B19 B22 C1	2	40	42



Sesión maxistral	A4 A13 A19 A23 A31 A40 A42 A43 A44 A45 A46 A47 A48 A49 A50 A51 A52 A62 B14 B15 B17 B20 B21 C2 C7 C8	21	0	21
Atención personalizada		2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Documentos para a ampliación dos contidos traballados na aula.
Obradoiro	Resolución de tarefas prácticas a través de diversas metodoloxías (exposicións, simulacións, debates, prácticas guiadas, etc.), co apoio e supervisión do profesorado.
Presentación oral	Exposición verbal en que se abordan contidos da materia de forma dinámica.
Aprendizaxe servizo	Metodoloxía que combina o servizo á comunidade coa aprendizaxe nun só proxecto, en que o alumnado se forma traballando en necesidades reais do seu contorno co fin de melloralo.
Proba de ensaio	Proba consistente en preguntas de certa amplitude, en que se valora o coñecemento dos contidos, a capacidade de razoamento e o espírito crítico, así como a claridade expositiva e a corrección expresiva.
Sesión maxistral	Exposición dos contidos da materia por parte do profesorado.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Obradoiro Presentación oral	A organización en grupos pequenos das sesións interactivas permitirá á profesora trabar coñecemento co alumnado e realizar o seguimento dos seus progresos. As titorías constituirán, así mesmo, un espazo para a consulta e a resolución de diferentes dificultades que poidan xurdirlle a cada grupo ou alumno/a. O atendimento ao alumnado realizarase de modo presencial no horario marcado ao comezo do curso.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Aprendizaxe servizo	A19 A23 A48 A59 A60 A62 A63 B4 B5 B6 B8 B15 B19 B22 B23 B24	A actividade realizarase en grupo e componse de: - O deseño dunha proposta didáctica arredor da literatura de tradición oral e a súa aplicación nunha aula de Educación Infantil. A práctica gravarase en vídeo para a súa posterior presentación na clase e debate co resto dos grupos. (25% da cualificación) - Un traballo de reflexión sobre o proceso de deseño e aplicación da proposta didáctica. Valorarase a capacidade de observación e de autocrítica, así como a integración dos coñecementos adquiridos no conxunto da materia. Terase especialmente en conta a claridade expositiva e a corrección expresiva. (25% da cualificación)	50
Proba de ensaio	A4 A13 A31 A42 A44 A45 A46 A47 A50 A51 A62 B3 B9 B10 B11 B12 B17 B19 B22 C1	Proba consistente en preguntas de certa amplitude, en que se valora o coñecemento dos contidos, a capacidade de razoamento e o espírito crítico, así como a claridade expositiva e a corrección expresiva.	50

Observacións avaliación
-------------------------



## Requisitos

O alumnado debe ser capaz de se expresar correctamente en lingua galega, tanto oralmente como por escrito. O dominio destas destrezas é preceptivo para aprobar a materia.

## Modalidades de avaliación

Estabelécense dúas modalidades de avaliación:

1. Para as persoas que formen grupo (constituído por un mínimo de catro persoas) e asistan regularmente ás clases:

unha tarefa colaborativa: a actividade de aprendizaxe servizo, dividida á súa vez no deseño e aplicación da proposta didáctica (25% da cualificación) e no traballo de reflexión (25% da cualificación); unha tarefa individual: unha proba de ensaio breve (50% da cualificación). Para superar a materia é preciso ter aprobadas todas as probas. As persoas que concorran á oportunidade de xullo só repetirán as partes suspensas.

O traballo colaborativo é fundamental nesta modalidade de avaliación, polo que se debe asistir a un mínimo do 80% das sesións interactivas; así pois, a docente fará un seguimento de asistencia.

2. Para as persoas que non formen grupo ou non asistan regularmente ás clases:

unha única tarefa individual: unha proba de ensaio extensa (100% da cualificación). Entrega dos traballos

Os traballos entregaranse en formato dixital a través da plataforma Moodle.

## Fontes de información



## Bibliografía básica

Abala Quintela, J. E. (2007). Os contos. Propostas para traballar con contos populares galegos. Vigo: Ir Indo. Abelleira Bardanca, A. e Abelleira Bardanca, I. (2017). Botándolle conto á vida. En Abelleira Bardanca, A. e Abelleira Bardanca, I. Os fíos de infantil. Vigo: Editorial Galaxia, pp. 117-121. Abelleira Bardanca, A. e Abelleira Bardanca, I. (2017). Soltando a lingua. En Abelleira Bardanca, A. e Abelleira Bardanca, I. Os fíos de infantil. Vigo: Editorial Galaxia, pp. 106-111. Almodóvar, A. (1989). Cuentos de animales. En Almodóvar, A. Los cuentos populares o a la tentativa de un cuento infinito. Murcia: Universidad de Murcia, pp. 127-133. Arias Correa, A. e Arias Correa, D. (2008). As adiviñas. Propostas para traballar coas adiviñas galegas. Vigo: Ir Indo. Barragán, C. et al. (2005). Hablar en clase. Cómo trabajar la lengua oral en el centro escolar. Caracas e Barcelona: Laboratorio Educativo e Graó. Barrio, M. e Harguindey, E. (1983). Lérias e enredos para os máis pequenos. Vigo: Galaxia. Bigas, M. e Correig, M. (eds.) (2000). Didáctica de la lengua en la educación infantil. Madrid: Síntesis. Boulosa, P. G. (1997). Cando o rei por aquí pasou. Libro do folclore infantil galego. Vigo: Xerais. Bryant, S. C. (2003). El arte de contar cuentos. Barcelona: Bibliaria. Callón, C. (2012). Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez. Vigo: Xerais. Calvet, L. J. (1998). A (socio)lingüística. Santiago de Compostela: Laivento. Cassany, D., Luna, M. e Sanz, G. (2003). Enseñar lengua. Barcelona: Graó. Crystal, D. (2003). A morte das linguas. Vigo: Galaxia. Ceballos Viro, I. (2016). Iniciación literaria en Educación Infantil. Madrid: UNIR. Díaz García, M. T., Mas Álvarez, I. e Zas Varela, L. (coords.) (2008). Integración lingüística e inmigración. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Feixó Cid, X. G. (2006). Gramática da lingua galega: síntese práctica. Vigo: Xerais. Fernández Paz, A., Lorenzo Suárez, A. M. e Ramallo, F. (2007). A planificación lingüística nos centros educativos. (S. I.): Xunta de Galicia. Formoso Gosende, V. (2013). Do estigma á estima: propostas para un novo discurso lingüístico. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2013. Freixeiro Mato, X. R. (2007). Gramática da lingua galega. Vigo: A Nosa Terra. Freixeiro Mato, X. R. (2013). Estilística da lingua galega. Vigo: Xerais. Gugenberger, E., Monteagudo, H. e Rei-Doval G. (eds.) (2013). Contacto de linguas, hibrididade, cambio: contextos, procesos e consecuencias. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Harguindey, E. (2009). Desaprenda a falar galego en 15 días cos erros dun tradutor automático \_\_\_ e reaprenda noutros 15. Bertamiráns (Ames): Laivento. Harguindey, H. e Barrio, M. (1994). Antoloxía do conto popular galego. Vigo: Galaxia. López Viñas, X., Lourenço Mória, C. e Moreda Leirado, M. (2011). Gramática práctica da lingua galega: comunicación e expresión. A Coruña: Baía Edicións. Martín, P. (1985). ¿Que cousa é cousa? O libro das adiviñas. Vigo: Galaxia. Martínez Lema, P., Sanmartín Rei, G. (eds.) (2011). Unha outra guía para a intervención lingüística. A Coruña: Universidade da Coruña. Marzábal Expósito, F., López Barreiro, M. B. (2008). Profesionaliza a túa lingua: ciencias da educación. A Coruña: Universidade da Coruña. Medrano, C. L. (1994). 50 xogos de lingua. Vigo: Xerais. Medrano, C. L. (1998). Outros 50 xogos de lingua. Vigo: Xerais. Monfort, M. e Juárez Sánchez, A. (1999). El niño que habla. El lenguaje oral en el preescolar. Madrid: CEPE. Noia Campos, C. (2002). Contos galegos de tradición oral. Vigo: Nigratea. Núñez Singala, M. C. (2009). En galego, por que non?: contra os prexuízos e as simplificacións sobre a lingua. Vigo: Galaxia. Núñez Singala, M. C. (2017). Sacar a lingua é de mala educación. Oportunidades do multilingüismo na infancia e na idade adulta. Vigo: Galaxia. Observatorio da Cultura Galega (2011a). As Lingua(s) a debate: inquérito sobre opinións, actitudes e expectativas da sociedade galega. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Observatorio da Cultura Galega (2011b). O idioma galego na sociedade: a evolución sociolingüística 1992-2008. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Pablo Sánchez, M. J. & Pérez Montero, C. (1995). El taller de lenguaje oral en la Escuela Infantil. Baúl de recursos. Madrid: Siglo Veintiuno de España Editores. Palou, J. e Bosch, C. (coords.) (2005). La lengua oral en la escuela. 10 experiencias didácticas. Barcelona: Graó. Porto Crespo, M. (2011). Metodoloxía didáctica da improvisación oral en verso. Vigo: SNL, Concello de Vigo. Ramallo, F., Rei-Doval, G. e Rodríguez Yáñez, X. P. (eds.) (2000). Manual de Ciencias da Linguaxe. Vigo: Xerais. Revista Galega de Educación, 41 (monográfico: Literatura oral e educación), xuño 2008. Revista Galega de Educación, 65 (monográfico: A lingua na Educación Infantil), xuño, 2016. Rodari, G. (2015). Gramática da fantasía. Introducción á arte de contar historias. Pontevedra: Kalandraka. Sánchez-Cano, M. (coord.) (2009). La conversación en pequeños grupos en el aula. Barcelona: Graó. Sanmartín Rei, G. (coord.) (2010). Lingua e futuro. A Coruña: Laivento. Sanmartín Rei, G. (coord.) (2012a). Criterios para o uso da lingua. A Coruña: Universidade da Coruña. Recuperado de [http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro\\_Criterios\\_lingua.pdf](http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro_Criterios_lingua.pdf). Sanmartín Rei, G. (coord.) (2012b). Sobre a calidade da nosa lingua. A Coruña: Universidade da Coruña. Recuperado de [http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro\\_Calidade\\_Lingua.pdf](http://www.udc.es/snl/documentospdf/Libro_Calidade_Lingua.pdf). Silva-Valdivia, B. (coord.) (1994). Didáctica da lingua en situacións de contacto lingüístico. Santiago de Compostela: Universidade. Silva Valdivia, B., Rodríguez

Rodríguez, X., Vaquero Quintela, I. (coords.) (2010). Educación e linguas en Galicia. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Silva Valdivia, B., Rodríguez Rodríguez, X., Vaquero Quintela, I. (coords.) (2011). A planificación para a normalización lingüística nos centros de ensino non universitarios: actas das II Xornadas ?Educación e linguas en Galicia?. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Tejerina Lobo, I. (2010). La narración oral: un arte al alcance de todos. En M. Campos F., Fígares, G. Núñez Ruiz e E. Martos Núñez (coords.), ¿Por qué narrar? Cuentos contados y cuentos por contar. Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, pp. 51-66. Xunta de Galicia (2011). Arrolos e xogos de iniciación para transmitir palabras e afectos. Santiago de Compostela Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Secretaría Xeral de Política Lingüística





<b>Bibliografía complementaria</b>	<p>Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG). Polafías. Sección de Literatura de Tradición Oral. Recuperado de <a href="https://www.aelg.gal/Polafias/AGXPT">https://www.aelg.gal/Polafias/AGXPT</a>. Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional. Recuperado de <a href="http://www.agxpt.gal/Carballeira">http://www.agxpt.gal/Carballeira</a> Anllo, X. M. (coord.) (2009). Gran dicionario Xerais da lingua. Vigo: Xerais. Cuba Rodríguez, X. R., Miranda Ruíz, X., Reigosa Carreiras, A. (1999). Dicionario dos seres míticos galegos. Vigo: Xerais. Doval Porto, I. e García García, Ch. (2017). Guía de estilo APA, 6ª edición. Elaborado pola Biblioteca da Facultade de Ciencias da Educación da Universidade da Coruña. A Coruña: Universidade da Coruña. Recuperado de <a href="http://www.educacion.udc.es/biblioteca/userfiles/Normas%20APAguia%20da%20biblioteca%202017.pdf">http://www.educacion.udc.es/biblioteca/userfiles/Normas%20APAguia%20da%20biblioteca%202017.pdf</a> Galicia Encantada. Enciclopedia de fantasía popular de Galicia. Recuperado de <a href="https://galiciaencantada.com/">https://galiciaencantada.com/</a> Mosquera Carregal, X. M. e Pino Ramos, S. (2008). Síntese gramatical. A Coruña: Universidade da Coruña. Recuperado de <a href="http://www.udc.es/sn/Documentospdf/Sintese_gramatical.pdf">http://www.udc.es/sn/Documentospdf/Sintese_gramatical.pdf</a>. Muriano Rodríguez, M. Ensinar deleitando. Blogue de Montse Muriano Rodríguez sobre Didáctica da Lingua e da Literatura. Recuperado de <a href="http://ensinardeleitando.blogspot.com/MurianoRodríguez">http://ensinardeleitando.blogspot.com/Muriano Rodríguez, M.</a> Conta da docente na rede social Instagram para uso académico: @montsemurianor Muriano Rodríguez, M. Conta da docente na rede social Twitter para uso académico: @montsemuriano Orella pendella. Ditos, recitados e cancións infantís. Recuperado de <a href="https://orellapendella.gal/RealAcademiaGalega">https://orellapendella.gal/Real Academia Galega</a> (2012). Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego. Vigo: Editorial Galaxia. Recuperado de <a href="https://academia.gal/documents/10157/704901/Normas+ortogr%C3%A1ficas+e+morfol%C3%B3xicas+do+idioma+galego.pdf">https://academia.gal/documents/10157/704901/Normas+ortogr%C3%A1ficas+e+morfol%C3%B3xicas+do+idioma+galego.pdf</a> Real Academia Galega (2012). Dicionario da Real Academia Galega. A Coruña. Recuperado de <a href="https://academia.gal/diccionario">https://academia.gal/diccionario</a></p>
------------------------------------	--

## Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías